



RESULTADOS E ANÁLISE DAS PREFERENCIAS FORMATIVAS TRASLADADAS POLOS COLEXIADOS PARA O PLAN DE FORMACIÓN 2020-2021

Este documento elabórase a partir das respostas achegadas polos colexiados na enquisa aberta sobre intereses formativos para o período 2020-2021. Esta enquisa realízase no marco do especial contexto para a formación no COAG que se deriva da situación sanitaria pola COVID-19.

A enquisa é un dos instrumentos utilizados para coñecer cales son as preferencias dos colexiados sobre as materias e modalidades nas que consideran que se debe ofertar formación desde o Colexio.

Serve así de ferramenta complementaria a outros mecanismos máis específicos que se empregan para coñecer a opinión dos colexiados sobre os cursos, como son as enquisas de satisfacción de cada actividade realizada ou as preferencias manifestadas na prescricións en determinadas actividades propostas. Este aspecto tórnase especialmente significativo despois de finalizado o conxunto de cursos e xornadas integramente online que se desenvolveron COAG con motivo do estado de alarma e da situación sanitaria, e que contaron en total con 2.831 inscritos (1.185 en cursos e 1.646 en xornadas).


Así, as achegas e tendencias expresadas serán utilizadas para o establecemento das liñas principais de deseño da formación a desenvolver.




1. PERFIL DOS COLEXIADOS QUE PARTICIPARON NA ENQUISA

A mostra da enquisa é de 283 colexiados, segundo a distribución territorial, idades e situación laboral que se amosa a continuación. Dous terzos terían cursado algunha actividade formativa no Colexio dende xaneiro de 2020.

1.1. Distribución por Delegacións:




1.2. Distribución por idades:






1.3. Distribución por idades e situación laboral:



2. PREFERENCIAS FORMATIVAS

2.1. Cursos de actualización profesional:

Para este tipo de cursos, maniféstase un elevado interese polas cuestións relacionadas coa tecnoloxía da construción e a rehabilitación (84%), seguida da liña formativa en normativa e aforro enerxético (81%), e da formación en madeira (70%).





2.2. Cursos de actualización. Interese en actividades formativas xa celebradas.

A continuación amósase a distribución do interese en cursar en 2020-2021 algunhas das actividades formativas xa celebradas no Colexio.

Ámbito	Curso	colexiados interesados enquisa	% colexiados interesados
1.1 Práctica profesional da arquitectura	Taller sobre fotografía de arquitectura.	43	15%
	Taller de elaboración de proxectos.	61	22%
	Curso de práctica profesional.	71	25%
	Taller sobre aspectos legáis na práctica profesional do arquitecto.	72	25%
	Fiscalidade para arquitectos.	83	29%
	Estimación de custes da actividade.	94	33%
	Taller de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.	105	37%
1.3 Urbanismo e ordenación do territorio.	Procedemento administrativo e contratación pública no ámbito do urbanismo.	63	22%
	Renovación urbana e rexeneración urbanística.	73	26%
	Coordinación rexistro catastro. O rexime xurídico das edificacións en situación de fóra de ordenación e das actuacións e edificacións ilegais en solo rústico.	76	27%
	Normativa e afeccións sectoriais.	91	32%
	A lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.	94	33%
	Disciplina urbanística.	97	34%
	Valoracións Urbanísticas.	99	35%
1.4 Normativa da edificación e aforro enerxético.	Dez anos de Normas de Habitabilidade: revisión, criterios e exemplos.	76	27%
	DB HS-6. Protección contra o Radón.	96	34%
	O informe de avaliación de edificios (IAE). O seu novo marco regulador na lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.	98	35%
	Acústica na arquitectura. DB-HR e outras normativas.	135	48%
	DB-HE: ferramentas de cálculo.	167	59%
1.5 Tecnoloxía da construción e rehabilitación.	Uso e mantemento de edificacións.	103	36%
	Inspección técnica de edificacións.	104	37%
	Patoloxía e intervención.	165	58%
	Enerxías renovables e envolvente térmica no deseño e construción da edificación sostible.	166	59%
1.6 Construción en madeira.	Sostibilidade (ciclo de vida da madeira, edificacións pasivas, solucións sostibles, trazabilidade)	123	43%
	Edificación (sistemas estruturais, sistemas construtivos, novas solucións en madeira, CLT, normativa técnica de edificación)	153	54%
	Rehabilitación (inspección técnica, patoloxía, intervención, sistemas construtivos tradicionais, solucións construtivas e estruturais aplicadas á rehabilitación)	164	58%



2.3. Cursos de especialización. Interese e modalidade.

Na actualidade, o COAG está a desenvolver, en colaboración coa EGAP, o Curso Superior de Técnico de Urbanismo; curso de especialización cunha duración de 350 horas. Preguntouse aos colexiados se estarían interesados en matricularse en cursos de especialización de características similares en outras temáticas (duración > 80 horas). O 46% dos colexiados que responderon á enquisa indicaron que si estarían interesados, destacando nas materias propostas a metodoloxía BIM, a eficiencia enerxética e edificación sostible, e a rehabilitación.

En canto á modalidade para a asistencia a este tipo de cursos de especialización de longa duración, a preferencia pola modalidade é:

	número colexiados	% modalidade
Online	57	44%
Semipresencial	66	50%
Presencial	8	6%
Total	131	


3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS DOS CURSOS

3.1. Modalidade formativa


Este ano 2020, con motivo das limitacións derivadas da COVID19, desenvolvéronse no Colexio diversas actividades formativas en modalidade online. Estas actividades baséanse nunha metodoloxía de que combina os seminarios en liña, que se poden seguir en directo ou en diferido, con distintas actividades e recursos en moodle.coag.es (test de avaliación, documentación/gravacións, foros de resolución de dúbidas, utilidades, referencia,...), e permite así mesmo unha redución considerable nos prezos das matrículas para o colexiado.

Mentres estean vixentes as medidas sanitarias da COVID19, o Colexio plantexa aos colexiados seguir avanzando nesta metodoloxía formativa, introducindo novas posibilidades e melloras. Así, para o desenvolvemento dos cursos de actualización utilizaríase en xeral esta nova modalidade, complementando o formato en liña, cando sexa o caso, con actividades presenciais específicas relacionadas co curso (visitas a obra, determinados talleres, grupos de debate,...). Estas actividades presenciais complementarias terían, en xeral, carácter optativo para os matriculados nos cursos.

Na enquisa preguntouse ao colexiado se, en liñas xerais, está de acordo co enfoque plantexado sobre a modalidade e metodoloxía das vindeiras actividades formativas. O 87,3% indicou que está de acordo con este enfoque, mentres que o 7,8% indicou que non. O 4,9% dos colexiados que cubriron a enquisa non responderon neste apartado.




Estas porcentaxes varían en función de se o colexiado cursou ou non algún curso en 2020 na modalidade online.



O 18% dos colexiados fixo algún comentario adicional no apartado da modalidade proposta. Estes comentarios relaciónanse integramente no Anexo I. En xeral, a maioría destes comentarios destaca as vantaxes do formato online e plantexa a posibilidade de manter este formato máis alá da conxuntura da situación sanitaria derivada da COVID-19.


No que respecta á duración dos cursos de actualización, a opción maioritaria é a de 20 horas, cun 51%, seguida da de 15 horas (31%).





3.2.Prezo

Ao 71% dos colexiados parécelle adecuado o prezo de 3€/hora para actividades formativas online, mentres que o 22% indica que é excesivo. Un 6% considera baixo este prezo por hora.





ANEXO I – RELACIÓN DE COMENTARIOS Á MODALIDADE PROPOSTA

A maiores da situación COVID paréceme indispensable o avance hacia a teleformación, non en exclusiva, xa que o modelo presencial ten unhas ventaxas indiscutibles (relación e xeración de contactos, compartir puntos de vista de xeito persoal) pero a falta de horarios compatibles coa conciliación laboral por conta allea, é unha alternativa aceptable.

A modalidade online fixo posible a miña asistencia. A modalidade mixta (en sala) non me resultou moi chula porque se perde a interacción natural da fisicidade, penso que si é dobre, debe existir un ponente complementario, un para sala un para online e voz con micro para asistentes. Aclaro que esta vez (a máis recente) o equipo construiu có estrano unha 'nova naturalidade', moi ben coma sempre.

a modalidade online parece moi axeitada, incluso se non estivese o COVID19

A modalidades online permite facer todos os cursos de interés, na modalidade presencial o Ter que desprazarse o outra provincia non sempre e posible.

A Última formación a que me inscribí, foi moi mal xestionada, a plataforma non funcionou, pedi asistencia e informtaica on fixo nada, rematou o curso e prazos de entrega e non puider completar a formación, nen aprender o pretendido, quando se tornou non presencial. Resultado, dinheiro tirado, e curso non aproveitado.

Al trabajar mis horarios para asistir a este tipo de cursos son reducidos, se agradecen mucho los cursos online. (A mayores del menor precio)

Coido que a formación online debería abaratare un pouco, máximo se o colexiado se suscribiu ao complemento formativo

Considero que a modalidade online é a axeitada dado que somos moitos os profesionais que non vivimos preto das cinco grandes cidades nas que se desenvolven os cursos e que nos resulta practicamente imposible o desprazamento (xa non so polo custo económico que acarrexo senón o de tempo, no meu caso ir a Ourense é 1,30 horas e a Santiago 2,20h) polo que debería tenderse a modalidade online da práctica totalidade dos cursos.

Considero que la modalidad online es la mejor, la que ahorra tiempo y costes al alumno y permite una mayor conciliación con la vida laboral y familiar.

A formación online é moito mais deficiente que a presencial

Creo que a formación online posibilita, polo menos no meu caso, a asistencia a moitos máis cursos e polo tanto a continuidade na formación para o exercicio. Evítanse desprazamentos que consumen moito tempo e tense dispoñibilidade do material na plataforma para acceder a el cando se necesita. Deberíase potenciar a realización do maior número de cursos online que fora posible.

CURSO ON LINE:

- mejora del precio
- mejor disponibilidad, no hay traslados, pérdida de tiempo...

cursos de postgrado

De acuerdo con Seminarios On Line

Debido a la situación actual, la metodología online optimizada, en relación a interacción con los alumnos, con posibles asistencias presenciales puntuales, como visitas...

Dentro do posible está ben que teñan flexibilidade horaria, que se manteñan grabadas as sesións e non sexagésimo imprescindible acudir na data plantexada

Es más práctico el sistema on line que el presencial.

Estou encantada co formato, xa que de maneira presencial por motivos de conciliación seríame imposible facelo. Así, si non podo no momento estar online o miro despóis en diferido. Ademais a posibilidade de facer preguntas unha vez acabado o curso o valoro moi positivamente, porque as veces non se te ocorre a pregunta no momento do curso e ver as preguntas e respostas dos compañeiros é moi enriquecedor.

Estoy muy interesada en que se mantenga el formato on line, a los cursos presenciales me es muy difícil poder asistir

Fixen varios cursos nesta modalidade e, para a maioría das temáticas, vexoa moi práctica. Temos a opción de aprender e formarnos, a un custo razoable e sen empregar excesivo tempo niso. Malia a perda de relación entre técnicos e formadores, creo que o sistema é bastante eficiente.

Generalizar la metodología online ahorra coste a todas las partes. Evita traslados con portátiles. Todo ventajas

Gustaríame que se fixesen máis exercicios prácticos que puidesen ser corriados polo profesorado



He hecho ya algún curso en la modalidad online y me parece muy cómoda.

De hecho creo que puede reducir el costo del curso.

Y está también bien si después pueden facilitarte la documentación expuesta o si se pueden plantear dudas via mail, si no da tiempo a responderlas todas durante la exposición.

Incluso sería conveniente que se pudisen seguir 100% online y que no esten sujetas a un periodo determinado.

Interésame a parte de reducción dos prezos de matrícula, pero entendo que unha parte presencial e/ou colaborativa resulta de gran utilidade e non debe perderse.

La opción de formación online siempre además de permitir realizarlo a distancia debería dar cierta flexibilidad de horario por lo que, a mi criterio, debería grabarse las sesiones para poder revisarlas o esten a disposición de gente que no haya podido asistir. También convendría hacer tareas que permitan emplear lo enseñado para fijar conocimientos pues online, las distracciones son mayores.

Nas áreas temáticas sinaladas, estou máis interesado en que os cursos aumenten a parte adicada concretamente ao cumprimento da normativa nos proxectos e nas obras. (No curso sobre o radón celebrado hai poucas semanas, adicouse máis tempo á exposición de casos concretos, cal era a problemática e cómo se resolveron. Eu estaría interesado en que se adicase mais tempo ao cumprimento da normativa nunha rehabilitación ou obra nova, máis que a como se reduce o radón nunha edificación cuos propietarios fixeron unha medición e atopáronse co problema, que tamén é interesante, pero é un caso que se presenta menos...).

E tanto no tema do radón coma no tema do ruido, dado que a meirande parte do meu traballo son vivendas unifamiliares e rehabilitación de vivendas, que os cursos incidan máis nesos ámbitos, e non tanto no dos edificios grandes ou equipamentos, que a miudo contan co traballo e colaboración de persoas especializadas...

Online

Os cursos deberían ser todos on-line, cas ferramentas de hoxe en día os cursos presencias están en cuestión.

Parece perfecto, sobre todo para todos nos que temos que estar en outros traballos.

Potenciar máis os cursos "on line" con liberdade de horario, que se poda conectar en calquera momento hasta completar as horas lectivas, sin a rexidez do horario fixo en directo.

Preferencia pola modalidade semipresencial e por unha metodoloxía proporcional entre parte teórica e parte práctica.

Seguilde así mentres sexa necesario ter mellor formación

Ser máis enfocados a casos prácticos, pero siempre enfocados a la redacción de los proyectos y el cumplimiento de la normativa, centrándose en los errores más comunes y como se pueden solucionar.

Sesión de resolución de preguntas modo presencial. Mi experiencia es que las dudas y preguntas en modo online se descontextualizan debido a que la exposición continúa y se produce un desfase respecto al momento concreto en el que surge la duda o reflexión de un alumno.

Recopilación en un archivo descargable junto con la documentación del curso de las dudas más relevantes y que puedan ser de ayuda al resto de alumnos.

Archivo descargable junto con la documentación del curso en el que los ponentes explican por qué unas opciones son correctas y otras no en el test de evaluación final.

Si la formación va a ser, mayoritariamente, online, sería bueno dar flexibilidad a la hora de seguir las actividades y cumplir con las tareas o ejercicios que incluyan. Que no exista una única hora para seguir la conferencia o clase, sino que se pueda ver grabada después de que se haya celebrado

Si, me han comentado el nuevo sistema telemático y creo que es un acierto. Intentaré hacer un curso para probarlo.

Tanto coas limitacións do COVID-19 coma antes o COAG vén desenvolvendo a formación maioritariamente online, a formación presencial, incluso cun maior custe, ten maior beneficio para a aprendizaxe.

Todo muy mal planteado

Valoró muy positivamente el formato de curso online con la plataforma Moodle y test de autoevaluación.

En muchas ocasiones es la única forma de poder asistir a los cursos y estar actualizado.

Non podo mais que rexeitar o enfoque que reflicten as verbas que reproduzo de seguido. Pois para nada son esas as necesidades do arquitecto ,entendoas como una vision desinteresada e falta de rigor, realmente temos que prepararnos en madeira, en normativa, podria suxtificarse a practica profesional (para un reducido grupo de persoas) pero o debate e outro e a formación ten que ser outra : "A formación propia do Colexio de Arquitectos pretende ser unha formación especializada nas materias que forman parte do ámbito competencial directo dos arquitectos; especificamente orientada, deseñada e dirixida a dar cobertura ás necesidades dos arquitectos de Galicia. Por este motivo, descártanse cursos de contido "xeneralista" e estandarizado, e plantéxanse temáticas deseñadas para dar respostas concretas ás particularidades do noso colectivo. .. ¡En fin!



Comprendo que necesidad de adaptarse a las restricciones que impone el Covid es determinante, pero la modalidad de cursos online resulta muy pesada.

Más práctica

Los test de avaliación deberían estar en activo mas tiempo.

me interesa mais formación presencial

Me parece muy acertado la opción online grabada para poder echarle un vistazo en cualquier momento a las sesiones. Muy cómodo y versátil.

Me parece que es la modalidad óptima ya que permite hacer cursos con flexibilidad, los precios son reducidos y, además, disponer de las grabaciones.

Me parecería interesante poder descargar los vídeos de las charlas formativas de la misma forma que se descarga otra documentación para poder consultarlas en cualquier momento.

Muy contento con la formación online. Creo que funciona bien. Es mas cómoda en horarios y desplazamientos. Y más económica. Me permite hacer cursos a los que de otra manera me hubiera sido mas difícil asistir incluso en una situación sin covid.

Muy de cuerdo con la modalidad online, extensible a cuando no haya pandemia. Permite una mayor flexibilidad y disponibilidad para realizar cursos, y cuando sea necesaria una parte presencial, se puede diseñar un curso en modalidad mixta, reduciendo lo presencial a lo indispensable.
